



Concello de Cangas

O CONCELLO DE CANGAS TEN PREVISTO IMPARTIR UN CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE “DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INSTALACIÓNS FRIGORÍFICAS”

O Concello de Cangas ten previsto impartir un **certificado de profesionalidade de DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INSTALACIÓNS FRIGORÍFICAS (IMAR0209)**, de **nivel 3** (requisito: ciclos medios de FP, bacharelato ou equivalente, competencias clave 3, etc.), con **648 horas**, código 2021/005555, que se vai realizar en **modalidade presencial na Casa de Oficios do Concello**.

O horario de impartición podería ser **de mañá ou de tarde, segundo o prefiran a maioría dos alumnos**, podendo ser de 9:30 a 15:00 ou de 16:00 a 21:30 horas.

Esta dirixido prioritariamente ás persoas en situación de **desemprego** pero tamén poden solicitalo as **persoas ocupadas**, cun máximo de 15 alumnos/as en total, tendo previsto impartir o programa oficial composto polos **módulos formativos** seguintes:

MF1167_3: Instalacións e procesos frigoríficos

MF1161_3: Electrotecnia para instalacións térmicas

MF1162_3: Representación gráfica en instalacións térmicas

MF1168_3: Planificación da montaxe de instalacións frigoríficas

MP0209: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 horas, en empresas do sector)

Impartiranse tamén os **módulos complementarios** seguintes:

FCOXXX26 - **Básico de Prevención de Riscos Laborais (60h.)**

FCOO03 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na

FCOXXX24 - Formación para a igualdade (8h.)

Trátase dunha formación **oficial totalmente gratuíta**, subvencionada pola Xunta de Galicia, na que o alumnado poderá ademais solicitar no seu caso diferentes axudas económicas segundo as circunstancias concretas de cada persoa (axuda de transporte, de conciliación, discapacidade, etc.).

As persoas interesadas poden solicitar información na Casa de Oficios do Concello, podendo enviar canto antes un correo co nome, apelidos e teléfono de contacto a casadeoficios@cangas.gal, ou no teléfono 986304650.